

Dirección de Área de Promoción Económica e Emprego

Responsable: Núñez Martínez-Corbalán, Marta. Directora de Área.
Dirección: Praza María Pita 1.
Tel: 981184200 – 10185

Servicio Municipal de Empleo

Responsable: Ron López, Sagrario. Xefa de Servizo.
Dirección: Praza María Pita 1.
Teléfono: 981184399

MISSION

Desde a área de Servizos de Emprego e Economía Social impúlsanse distintas políticas activas para contribuír ao desenvolvemento económico local competitivo e baseado no coñecemento, sustentábel e orientado á mellora da calidade de vida das persoas, a través da mellora na súa situación laboral e o impulso e a promoción económica.

Para esta Misión, desde a área desenvólvense programas de servizos orientados ás persoas e ao tecido empresarial e comercial da cidade e que abranguen, desde as políticas públicas de fomento do emprego, a promoción do emprendemento e do tecido empresarial local, á dinamización do comercio e dos mercados e a defensa das persoas consumidoras na Coruña.

OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais da área son:

- Desenvolver as políticas activas municipais de emprego e promoción económica na cidade que contribúan a unha mellora no desenvolvemento socio-económico e na calidade de vida das persoas, fomentando a igualdade de oportunidades e fomentando un modelo económico local respectuoso co medio ambiente.
- Diseñar e executar itinerarios de inserción laboral para persoas desempregadas, accións de mellora da cualificación de persoas traballadoras e actuacións de prospección e intermediación que faciliten a súa empregabilidade.
- Fomentar a cultura emprendedora e apoio ás iniciativas e proxectos que contribúan á dinamización do tecido empresarial e a actividade económica.
- Dinamizar e dar soporte a actividades do comercio local e da actividade dos mercados municipais locais.
- Promover e desenvolver a protección e a defensa das persoas consumidoras no ámbito territorial da Coruña.

Outros obxectivos específicos son:

- Promover a colaboración inter-institucional, coa posta en marcha de políticas activas para o emprego, fomento da actividade empresarial ou comercial con outras administracións.

- Favorecer a creación de redes de colaboración, tanto de carácter público-privadas como de carácter local, rexional ou internacional, garantindo, así mesmo, a efectiva difusión e comunicación (e medios tradicionais e dixitais, web e RRSS) das actividades de apoio, promoción e servizo a persoas usuarias soportadas pola área.
- Promover programas de apoio destinados a colectivos vulnerables, mulleres, xoves e persoas en desemprego de longa duración e en risco de exclusión.
- Fomentar a implementación da Axenda Dixital favorecendo a completa alfabetización dixital no mundo do emprego e a empresa, formando no uso das tecnoloxías da información e comunicación (TICs) e xeralizando o uso de ferramentas dixitais en todos os procesos formativos, de xestión, asesoramento vinculados aos servizos desta área.

FUNCIONS

FUNCIONS PROMOCIÓN ECONOMICA E EMPREGO

Funcións no eido do Fomento do Emprego de calidade, desde o Departamento de Emprego:

- ✓ Diseñar e executar programas de formación e emprego, garantindo unha mellora continua destes servizos.
- ✓ Colaborar coa posta en marcha de políticas activas emprego doutras administracións e establecer convenios con outras entidades para establecer sinerxias nas accións de mellora da empregabilidade.
- ✓ Analizar as variables fundamentais de emprego para xerar información sobre a situación do mercado laboral.
- ✓ Facilitar os medios para facer efectiva a procura de emprego trazando itinerarios de orientación adecuados ao perfil profesional das persoas demandantes.
- ✓ Facilitar a intermediación laboral entre ofertantes e demandantes.
- ✓ Establecer convenios con outras entidades para ter unha sinerxia nas accións de mellora da empregabilidade.
- ✓ Facilitar a intermediación laboral entre ofertas e demandas de emprego. Colaborar na xestión de ofertas de emprego do Servizo Publico de Emprego de Galicia.
- ✓ Fomentar a maior participación de colectivos vulnerables e especialmente afectados polo desemprego na contorna local, prestando atención á situación de mulleres, persoas novas menores de 25 anos sen experiencia laboral, persoas maiores de 45 e en situación de paro de longa duración nos programas de emprego, aplicando a perspectiva de xénero en todos os ámbitos formativos e laborais.
- ✓ Aplicar a perspectiva de xénero en todos os ámbitos formativos e laborais da promoción do emprego e a actividade empresarial.
- ✓ Achegar o mundo laboral e a cultura emprendedora ao alumnado de secundaria, formación profesional e universidade así como accións específicas para as persoas novas sen formación.

Funcións no eido do Fomento da Actividade Empresarial e do Comercio:

- ✓ Fomentar a cultura emprendedora e o apoio á creación de empresas no municipio.
- ✓ Informar e asesorar a persoas emprendedoras acompañándoas na posta en marcha de iniciativas empresariais, tratando de aportar un enfoque innovador que mellore a súa oferta competitiva de produtos e servizos.
- ✓ Mellorar a competitividade, sustentabilidade dos proxectos e a sustentabilidade medioambiental na xestión e na oferta de produtos e servizos dos novos negocios empresariais a través do asesoramento e posta en marcha de plans e programas específicos.
- ✓ Deseñar e executar plans de apoio e mellora do comercio polo miúdo e de proximidade.

Funcións no eido do apoio ao Consumo seguro e responsable.

- ✓ Informar, asesorar, educar e prestar formación as persoas na realización de prácticas de consumo seguras e responsables e en relación as súa reclamacións.
- ✓ Recepcionar e tramitar as reclamacións de consumo das persoas residentes no municipio da Coruña.
- ✓ Fomentar o Sistema Arbitral de Consumo e mediar entre as persoas consumidoras e empresas das reclamacións presentadas.
- ✓ Adoptar medidas urxentes en materia de protección do consumo.
- ✓ Apoiar ás organizacións de consumidores e consumidoras.
- ✓ Inspeccionar, verificar, corrixir e sancionar o incumprimento dos requisitos establecidos na normativa de consumo no ámbito da venda ambulante, feiras e mercados.
- ✓ Executar medidas segundo as instrucións adoptadas pola Administración Autonómica de Consumo (IGC).

AREAS DE RESULTADO CLAVE

Fomento do Emprego de calidade, desde o Departamento de Emprego:

1. Divulgación Políticas Fomento do Emprego.
2. Observatorio Municipal de Emprego.
3. Información e Orientación Laboral.
4. Apoio á procura emprego: Intermediación e inserción laboral.
5. Formación ocupacional.
6. Programas Integrais para a empregabilidade. (incluíndo itinerarios persoais de orientación, formación, prácticas laborais e titorización)

Fomento da Actividade Empresarial e do Comercio:

1. Difusión da Cultura emprendedora.
2. Programa de Asesoramento e Formación a persoas emprendedoras.

3. Apoio á novas empresas. Centros Municipais de Empresas.

Dinamización do comercio:

1. Convenios con asociacións comerciais da Coruña.
2. Campañas Publicitarias de Dinamización.
3. Mercados ao Aire Libre.
4. Programa de mellora e competitividade do comercio de proximidade.

Fomento do consumo seguro e responsable:

1. Información e asesoramento Oficina Municipal das Persoas Consumidoras.
2. Educación ao consumo seguro e responsable.
3. Difusión da cultura do consumo seguro e responsable.

COSTES 2016

		2014	2015	2016
Gastos de Personal	Imputación Directa	2.065.310,69	2.147.249,60	2.056.471,64
Gastos Corrientes	Imputación Directa	3.414.563,30	2.935.250,25	2.128.944,15
	Imputación Indirecta	49.662,78	62.704,86	53.705,07
TOTAL GASTOS		5.529.536,77	5.145.204,71	4.239.120,86

RESULTADOS DA ACTIVIDADE - 2017

INFORMACIÓN XENERAL DO SERVIZO

Páxina web

O número de visitantes únicos foi de **62.780** e o número de páxinas visitadas 325.122 cunha media de 3.21 páxinas no total de **101.309** entradas na web.

Resolucións de consultas vía web.

As resolucións de consultas realizadas a través da Web máis frecuentes foron:

- ✓ 603 respostas a consultas de emprego;
- ✓ 1.010 respostas a ofertas de emprego;
- ✓ 228 ofertas de emprego publicadas;
- ✓ 274 solicitudes de cita;
- ✓ 133 respostas a temas sobre a creación de empresa ou emprego autónomo.

Estas cifras sobre as xestións a través da web indican un aumento no uso da web respecto ao ano anterior, aumentando lixeiramente as peticións de cita e contestacións de consultas sobre emprego e con un aumento importante as visitas á web e os visitantes únicos a mesma.

Alertas a móbiles

Este servizo, que permanece activo dende o ano 2008, conta na actualidade con 8.164 persoas inscritas, as comunicacións emitidas por este medio son 76 e enviáronse 1.822 mensaxes.

DEPARTAMENTO DE EMPREGO

DIVULGACIÓN POLÍTICAS FOMENTO DO EMPREGO.

Xornadas de Debate.

En 2017 celebráronse as II Xornadas a Innovación nas Políticas Locais de Emprego, o día 10 de novembro de 2017 e que tivo lugar no Paraninfo da Universidade da Coruña, cunha asistencia de 200 persoas de perfil técnico profesional dos diferentes servizos de emprego dos concellos de área metropolitana e outros concellos, asistindo tamén alumnado da escola de relacións laborais da Universidade da Coruña.

A temática tratada xirou entorno a xeración de emprego na contratación pública, as cláusulas estratéxicas na contratación local e contouse cunha mesa de boas prácticas en materia de emprego nos concellos de área metropolitana.

OBSERVATORIO MUNICIPAL DE EMPREGO:

Desde o Servizo Municipal de Emprego, realízase un seguimento mensual e anual mediante Estudos e análises estatísticas da evolución do mercado laboral, desenvolvemento económico e da evolución socio-demográfica a nivel local.

Estes estudos facilitan a adopción de medidas de fomento do emprego e a difusión de coñecemento para a cidade.

PROGRAMA DE INFORMACION E ORIENTACION LABORAL (PIOL)

Información e orientación laboral

En 2017 incorporáronse a este programa dúas persoas, funcionarias interinas por un período de tres anos, nas tarefas técnicas de orientación laboral.

Realizáronse **88 talleres grupais** de información inicial para a busca de emprego, aos que asistiron en total **1.220 persoas**. Impartíronse 12 talleres máis que o ano 2016 e as persoas atendidas aumentaron en **73**.

1.295 persoas solicitaron cita individual de orientación, 16 persoas máis que o ano anterior, en 12 talleres máis, asistindo á mesma 1.191 persoas. As persoas orientadas pódense dividir:

POR SEXO	
Homes	599
Mulleres	592
POR IDADE	
Menores de 25	142
De 25 a 30	148
De 31 a 45	428
Maiores de 45	473
POR TEMPO EN DESEMPREGO	
Persoas traballando	18
Menos dun ano en desemprego	884
Máis dun ano en desemprego	289
POR EXPERIENCIA LABORAL	
Sen experiencia laboral	38
Con experiencia laboral	1.153
POR ESTUDOS	
Sen estudos	294
Graduado Escolar/ESO	424
Bacharelato	130
Formación Profesional	194
Estudios universitarios	149

A porcentaxe de mulleres e homes é moi similar, sendo a dos homes o 50,3 % (559 homes) e a de as mulleres o 49,7€ (592 mulleres).

O taller grupal de información inicial para a busca de emprego está externalizado na empresa Serviplus co fin de optimizar os recursos propios do Concello, dedicándoos exclusivamente á orientación individual.

Continúase co envío do **Boletín de información periódica sobre emprego**, a lo menos quincenalmente, para as persoas que viñeron ao servizo, e desexan recibilo.

Seminarios motivación emprego en centros educativos

Solicitáronse 113 seminarios de motivación para o emprego nos últimos cursos de **centros de formación profesional**, dos que **se impartiron 100** e o número de alumnado asistente foi de **1.246 persoas**.

Os seminarios ofertados son “Habilidades para a busca de emprego”, “Ferramentas para a busca de emprego”, “A entrevista laboral”, “Ferramentas para a busca de emprego web 2.0” e “Igualdade de oportunidades na busca de emprego”.

Cada un deles ten unha duración de 2 horas e están externalizados na empresa Serviplus.

A distribución é a seguinte:

POR SEXO	
Homes	605
Mulleres	641
POR IDADE	
Menores de 25	302
De 25 a 30	333
De 31 a 45	364
Maiores de 45	247
POR ESTUDOS	
Sen estudos	0
Graduado Escoclar/ESO	601
Bacharelato	364
Formación Profesional	247
Estudios universitarios	34

Orientación laboral en colaboración co Servizo Público de Emprego de Galicia

A orientación laboral realizada en colaboración co Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), atendeu no ano 2017 a **897 persoas**, con 32 itinerarios persoais de inserción iniciados.

Este servizo contou, no 2017, con tres persoas orientadoras, subvencionadas por a Xunta de Galicia, traballan mediante axenda que lles redirixe o Servizo de Orientación Laboral da Xunta de Galicia e as Oficinas de Emprego do Municipio da Coruña.

O perfil das persoas que asistiron a cita de orientación do SPEG foi:

POR SEXO	
Homes	454
Mulleres	443
POR IDADE	
Menores de 25	134
De 25 a 30	257
De 31 a 45	231
Maiores de 45	275
POR TEMPO EN DESEMPREGO	
Persoas traballando	21
Menos dun ano en desemprego	574

Máis dun ano en desemprego	302
POR EXPERIENCIA LABORAL	
Sen experiencia laboral	146
Con experiencia laboral	751
POR ESTUDOS	
Sen estudos	307
Graduado Escoclar/ESO	144
Bacharelato	94
Formación Profesional	145
Estudios universitarios	207

Intermediación e Inserción Laboral

Vinculado ao programa de orientación laboral está o de Intermediación e Inserción laboral. Este Programa naceu da conveniencia de incidir de modo máis persoal e axeitado ás persoas que viñan buscando orientación para a procura de emprego.

Mantén dúas liñas de acción: Bolsa de Emprego e Apoio á inserción.

As persoas usuarias que o desexan, pasan a formar parte da bolsa de emprego do Servizo para incluílas nas ofertas que o empresario solicita ao Servizo e outras medidas que se desenvolven para a mellora das súas posibilidades de inserción laboral.

Entre estas medidas están as accións complementarias para mellora da empregabilidade dos perfís profesionais, ou formación con compromiso de contratación axeitada ás necesidades detectadas a través das ofertas de emprego que fan as empresas ou por medio da prospección laboral que se desenvolve desde o Servizo.

- Apoio á inserción

No ano 2017 fixéronse **24 cursos** para mellora a empregabilidade e **9 cursos con compromiso de contratación**.

Nos cursos para a mellora da empregabilidade impartíronse:

- 9 cursos dedicados a mellora da procura de emprego, abordando temas como: o vídeo currículo, a entrevista laboral, marca persoal e busca de emprego nas RRSS...
- 5 cursos de coñecemento de idiomas, con **4 cursos básicos de iniciación a idiomas**: alemán, francés e inglés e 1 de perfeccionamento no inglés.
- 4 cursos de Informática con distintas temáticas: Iniciación á informática, Ofimática e Xestión empresarial informatizada.
- 2 cursos de Prevención de riscos laborais
- 2 cursos de Manipulación de alimentos
- 2 cursos de Seguridade en plantas petroquímicas

En total impartíronse **699 horas** de formación para un total de **297 persoas asistentes**, dos que atoparon traballo **86 persoas** (aproximadamente o 30% das persoas que comezaron os cursos).

Os cursos con compromiso de contratación no 2017 foron:

- 6 cursos de dependente polivalente de supermercado (carnicería, chacinaría, peixería e froitería)
- Producción de videoxogos
- Comercio electrónico
- Pintura de interiores

Entre os dous tipos de formación, impartíronse **2.293 horas** de formación para un total de **432 persoas asistentes**. O perfil do alumnado distribúese:

POR SEXO	
Homes	226
Mulleres	206
POR IDADE	
Menores de 25	25
De 25 a 30	38
De 31 a 45	156
Maiores de 45	213
POR TEMPO EN DESEMPREGO	
Persoas traballando	4
Menos dun ano en desemprego	194
Máis dun ano en desemprego	234
POR EXPERIENCIA LABORAL	
Sen experiencia laboral	12
Con experiencia laboral	420
POR ESTUDOS	
Sen estudos	77
Graduado Escolar/ESO	145
Bacharelato	56
Formación Profesional	80
Estudios universitarios	74

- Bolsa de Emprego e Xestión de ofertas

As ofertas de traballo xestionadas no 2017 foron **225 para 601 postos de traballo** supoñen a xestión de 100 postos máis que o ano anterior.

A estas ofertas de traballo se enviaron **1.997 candidaturas**, conseguindo a inserción de **59 persoas** que sumadas as 86 que atoparon traballo nos cursos con compromiso de contratación, son un total de **145 persoas inseridas no ano 2017**.

Todas estas candidaturas, das que o **57,6% son homes e 42,4% mulleres**.

No 2017 publicáronse na web 117 ofertas de emprego o resto se cubriron con persoas da bolsa de emprego municipal.

Formación Ocupacional

Na formación ocupacional realizada este ano participaron **495 persoas**, con 887 prazas nos cursos xa que unha persoa pode facer máis dun curso, e complementar o seu itinerario de formación.

En total impartíronse 54 **cursos** cun total de 5.365 horas de formación, en especialidades ocupacionais relacionadas con: almacenaxe, Xardinería e Viverismo, alfabetización dixital, formación básica en Office, Debuxo asistido por ordenador, Excel nivel experto y Excel baixo Visual Basic, prevención de riscos, Manipulación de alimentos ou de fitosanitarios, Manexo de carretillas de carga e de elevación de persoas Os cursos cunha maior demanda foron os de Carretilla elevadora de carga e Xardinería e Viveirismo, Manipulación de alimentos e Operacións de almacenaxe pero que facilitan o desempeño de variadas ocupacións.

Entre os cursos de máis longa duración (máis de 500h.), atópanse os de: soldadura con eléctrodo; Xardinería; Pintura decorativa na construción e carpintería O perfil do alumnado caracterízase por unha gran maioría de homes, 347 o que supón o 70% sendo o número de mulleres 148, motivado por as especialidades que teñen unha maior demanda masculina e que mostra a persistencia de tradicións sociolaborais.

Por grupo de idade, as persoas menores de 30 anos foron o 15% e o grupo de 31-45 o 65% e o 20% restante corresponde con maiores de 45 anos.

Por niveis de estudos a maior porcentaxe é das persoas con estudos máximos do Graduado Escolar (42%).

PROGRAMAS INTEGRAIS PARA A EMPREGABILIDADE

Obradoiros de Emprego

- Praia das Lapas. Mellora do material vexetal e instalacións complementarias.
- Garantía Xuvenil Coruña II. Xestión de sistemas informáticos.

No ano 2017 estiveron activos 2 obradoiros de emprego que integran a aprendizaxe teórica e a experiencia profesional, mediante un contrato de formación, e realizando unha obra de interese social. A duración de cada un deles é de seis meses.

No 2017 realizáronse os tres meses finais do Obradoiro Praia das Lapas 30/9/2016 ao 31/3/2017) co cometido na mellora do material vexetal e instalacións complementarias, deste lugar de expansión e gozo, na contorna da Torre de Hércules, mediante a formación e contratación de **20 persoas** (12 homes e 8 mulleres) na especialidade de "Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes".

Desenvolveuse o Obradoiro "Garantía xuvenil Coruña II" (18/9/2017/ ao 17/3/2018) dedicado a persoas menores de 30 anos, para formalos e traballar, mediante o contrato de formación, na especialidade do ámbito da informática: "Xestión de Sistemas Informáticas".

Formáronse 12 persoas neste certificado de profesionalidade (8 homes e 4 mulleres) con contidos curriculares relacionados con coa administración de hardware e software dun sistema informático e seguridade en equipos informáticos.

Posto a Posto

No ano 2017 estiveron desenvolvéndose dous proxectos “Posto a Posto”, subvencionados por a Consellería de Traballo e Benestar (Xunta de Galicia), correspondentes as dúas convocatorias 2016-2017 e 2017- 2018

- Subvención setembro 2016 - agosto 2017:
 - Contratación de equipo técnico e administrativo (3 persoas: 2 persoal técnico e 1 persoal administrativo)
 - Financiamento: Subvencionado Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Con aportación municipal do 20%.
 - Desenvolvemento de Itinerarios integrados de inserción: información, orientación, prospección, formación e inserción.
 - Colectivos atendidos: 30 xoves desempregados menores de trinta anos e 30 persoas desempregadas beneficiarias da axuda do Programa de recalificación profesional (PREPARA). TOTAL: 60 persoas desempregadas.
 - Duración: 12 meses
 - Compromiso de inserción del 50% (30 persoas). Inserción conseguida: 35 persoas
 - Perfil das persoas participantes:

POR SEXO	
Homes	32
Mulleres	28
POR IDADE	
Menores de 25	10
De 25 a 30	10
De 31 a 45	28
Maiores de 45	12
POR TEMPO EN DESEMPREGO	
Persoas traballando	0
Menos dun ano en desemprego	23
Máis dun ano en desemprego	37
POR EXPERIENCIA LABORAL	
Sen experiencia laboral	10
Con experiencia laboral	50
POR ESTUDOS	
Sen estudos	26
Graduado Escolar/ESO	32
Bacharelato	6
Formación Profesional	14
Estudios universitarios	7

- Subvención decembro 2016 - novembro 2017:
 - Contratación de equipo técnico e administrativo (4 persoas: 2 persoal técnico de orientación e 2 persoal técnico de prospección)

- Financiamento: Subvencionado Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Con aportación municipal do 20%.
- Desenvolvemento de Itinerarios integrados de inserción: información, orientación, prospección, formación e inserción.
- Colectivos atendidos: 15 persoas desempregadas beneficiarias da Renda de Integración Social Galega (RISGA), 14 persoas desempregadas con certificado de discapacidades, 28 persoas desempregadas perceptoras da renda activa de inserción (RAI) e 28 persoas desempregadas perceptoras da axuda do programa de recualificación profesional (PREPARA). TOTAL: 85 persoas desempregadas.
- Duración: 12 meses
- Compromiso de inserción del 45% (38 persoas).
- Perfil das persoas participantes:

POR SEXO	
Homes	37
Mulleres	48
POR IDADE	
Menores de 25	2
De 25 a 30	5
De 31 a 45	30
Maiores de 45	48
POR TEMPO EN DESEMPREGO	
Persoas traballando	0
Menos dun ano en desemprego	32
Máis dun ano en desemprego	53
POR EXPERIENCIA LABORAL	
Sen experiencia laboral	0
Con experiencia laboral	85
POR ESTUDOS	
Sen estudos	26
Graduado Escolar/ESO	32
Bacharelato	6
Formación Profesional	14
Estudios universitarios	7

Proxecto Coruña Emprega

Proxecto promovido pola **Área de Emprego e Empresa do Concello da Coruña**, froito da colaboración público –privada entre o **Concello** e a empresa **Inditex, S.A**, que pretende facilitar a inserción laboral das **persoas desempregadas**, especialmente dos colectivos máis vulnerables socialmente, a través da súa capacitación profesional e a mellora da súa empregabilidade.

O proxecto CORUÑA EMPREGA ten un período de execución de **36 meses**, e nel abórdanse **tres grandes áreas de traballo**:

- **Estudos técnicos de prospección** para a avaliación continua das necesidades de formación e emprego na cidade, deseñando actuacións en función das necesidades.
- **Pacto Local polo Emprego da cidade da Coruña.**

- **Accións de inserción laboral:** *Itinerarios integrados de inserción laboral, grupos de coaching laboral (Grupos IMOs) e prospección e intermediación laboral.*

Os principais resultados acadados no ano 2017 son os seguintes:

- Presentáronse os resultados de **dous Estudos Técnicos** realizados en colaboración coa Universidade da Coruña e Fundación Mujeres sobre as posibilidades de xerar emprego nos sectores da loxística e das TICs, así como sobre a igualdade entre homes e mulleres no hipersector das TIC.
- Formalizouse a reactivación do **Pacto Local polo Emprego da cidade da Coruña**, coa sinatura conxunta do **Acordo Marco regulador do Pacto**, por parte de **26 entidades sociais e económicas da cidade**.
- **Xestionáronse 9 convenios de colaboración con entidades** comprometidas co Pacto Local: COGAMI, Cruz Roja, Ecos do Sur, Espazocoop, Fundación Universidade da Coruña, Fundación Juan Soñador, Fundación Mujeres, Fundación Ronsel e UGT Coruña, para a xestión de políticas activas de emprego na cidade.
- **747 persoas** (379 mulleres e 368 homes) obtiveron **orientación laboral personalizada a través do proxecto**.
Os **perfis con maior participación** no proxecto, foron: as persoas maiores de 45 anos, paradas de longa duración e as persoas migrantes, seguidos dos mozos e mozas menores de 30 anos.
- Desenvolvéronse **12 itinerarios integrados de inserción laboral**, que supuxeron **1.605 horas de formación para o emprego e 710 horas de prácticas en empresas**.
- Das 158 persoas que iniciaron as prácticas en empresas, **finalizáronas con éxito 150**, isto é o **95%**.
- **O 100% do alumnado** que se preparou no proxecto, **aprobou as competencias clave** que convoca a Xunta de Galicia anualmente, e que os habilita para cursar formación con Certificado de Profesionalidade de nivel 2.
- Os resultados do *coaching laboral* que se leva a cabo a través dos **grupos “IMOs”**, indican que se trata dunha **ferramenta válida para activar a busca de emprego** entre os grupos con máis dificultades ou con empregos moi precarios. Acadouse un **69,2% de inserción laboral**.
- A través do proxecto Coruña Emprega contactouse con **204 empresas** do territorio.
- Realizándose prácticas formativas non laborais en **96 centros de traballo**, a través de **61 convenios de colaboración con empresas**.
- **1.786 candidaturas foron enviadas a ofertas de emprego** (787 homes e 999 mulleres).

*En 2017, **121 persoas** (60 mulleres e 61 homes) conseguiron un posto de traballo a través do proxecto CORUÑA EMPREGA, o que supón un **62% de inserción laboral**.*

Os datos de inserción laboral acadan o **100 % no sector da hostalería**, ao **86,7% en socorrismo acuático** ou o **89,5% de operario de tratamento de peixe**, destacando ademais a área de **atención especializada en demencias** cun **60%** de inserción laboral, entre outros.

As persoas beneficiarias e as empresas colaboradoras amosan a súa satisfacción co proxecto. Nos informes de medición da satisfacción, o alumnado puntúao cun **3,62 puntos sobre 4** e a empresas cun **3,81 sobre 4**.

DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E COMERCIO

PROGRAMA DE DIFUSION DA CULTURA EMPRENDEDORA**Proxecto Semente**

O proxecto Semente, para fomentar o espírito emprendedor e a cooperación, está destinado ao alumnado de 9 a 12 anos que cursa Ensinanza Primaria e educación Especial nos centros educativos da cidade, e desenvólvese ao longo do curso escolar, vai xa por a novena edición (iniciouse no curso 2007-2008).

Neste ano 2016, participaron:

- 284 nenos e nenas de 9 centros educativos da cidade.
- 84 talleres de asesoramento (tanto de cooperativismo como de artesanía);
- 13 cooperativas creadas.

O día 13 de abril recibiron a súa licenza municipal nun acto oficial no salón de Plenos do Concello. celebrouse Como remate final desta edición o 3 de xullo celebrouse o mercado escolar, cunha festa e animación no Cantón Grande e Obelisco, onde puxeron á venda os produtos elaborados polas 13 cooperativas.

Proxecto Inicia

No proxecto Inicia que tamén promove o espírito emprendedor, neste caso para o alumnado de Formación Profesional e Ensinos Especiais da cidade, participaron neste curso 2015-2016:

- 247 persoas que cursan estudos en 18 especialidades;
- 7 centros de Formación .

En total presentaron 33 proxectos empresariais, dos que quedaron 15 finalistas para a “Feira de Ideas empresariais”, evento que clausura cada edición anual, e na que foron premiados tres dos proxectos presentados.

Xornadas de Debate.

En 2016 destacamos a celebración dos seguintes debates públicos:

- Foro de Debate Emprendemento: “Foro I+D+C Innovación”. 2 de decembro de 2016, celebradas no Paraninfo da Universidade da Coruña en colaboración ca Cátedra Jean Monet de Economía Industrial.
- Xornada de difusión do cooperativismo e a economía social: Empresas de persoas. 21 de marzo de 2016, celebradas non Centro Municipal de Empresas da Grela.
- Xornadas Socialweekend. Emprendemnto Social. Outubro 2016.

PROGRAMA ASESORAMENTO E FORMACIÓN A PERSOAS EMPRENDEDORAS**Asistencia e asesoramento ao emprendemento e empresas – Mentorización.**

Actividade na que, mediante titorías individualizadas ou de grupo, se asesora as persoas emprendedoras para que, paso a paso, poñan en marcha o seu proxecto empresarial. Realizáronse:

- 33 asesoramentos grupais a persoas emprendedoras, de 2 horas;
- Grupos cunha media na asistencia de 9 persoas;
- Contidos: información xeral, das formas xurídicas, trámites para a constitución dunha empresa, axudas existentes,...
- 285 persoas asistentes en total: 143 homes e 142 mulleres.

Os proxectos empresariais asesorados de xeito individual foron:

- 131 persoas emprendedoras, 47 correspondían a homes e 84 mulleres.

Houbo consultas de seguimento a proxectos de emprendemento xa en marcha:

- 75 proxectos, deles 33 estaban liderados por homes e 38 por mulleres.

Atendéronse tamén, persoalmente, 67 consultas de empresas e outras 54 vía telefónica ou en liña de internet.

Formación para persoas emprendedoras

1. Cursos Iniciación – Itinerarios de emprendemento.

Coa finalidade orientar na viabilidade das ideas empresariais, divulgar coñecementos, e mellorar así as posibilidades de éxito dos, organizáronse:

- 24 talleres sobre iniciativas empresariais, cun total 123 horas de formación.
- 328 persoas asistentes.

A formación ten unha duración de entre 4 e 20 horas,segundo o tema, que abarcan diversidade de intereses:

- ✓ Fiscalidade e Financiamento;
- ✓ Marketing, Cómo elaborar un estudo de mercado;
- ✓ Comunicación: Redes sociais, Presenza web e comercio electrónico,
- ✓ Recursos escénicos para vender o proxecto,..

2. Encontro de Emprendemento.

Celebrouse tamén un Encontro de Persoas Emprendedoras ao que asistiron 48 persoas.

3. Formación Consolidación do emprendemento.

Outra formación é a que se impartiu para viveiristas dos Centro de Empresas: En total, **9 talleres** cunha duración total de **20 horas** cada un. Os temas tratados centráronse nas seguintes materias:

- ✓ Identidade dixital e firma electrónica, Aplicacións de Google,
- ✓ Elaboración de orzamentos e facturas,
- ✓ Claves para atraer novos clientes, Habilidades de comunicación,
- ✓ Elaboración do plan de empresa,
- ✓ Lei Orgánica de protección de datos persoais,
- ✓ Apoios as Pemes galegas;
- ✓ Curso básico de inglés comercial.

A taxa de cobertura da demanda foi dun 48%, pois as **solicitudes de asistencia** a estes talleres foron **865, e as prazas 430.**

APOIO A NOVAS EMPRESAS. CENTROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS

Centros Municipais de Empresas: Accede Papagaio e A Grela.

O 5 de outubro de 2016 inaugurouse o novo Centro de empresas ACCEDE Papagaio, sumándose así ao outro Centro de empresas da Grela inaugurado no ano 2010.

Estes Centros de Empresas son espazos, no que teñen cabida persoas con proxecto empresariais en fase de ideación ou xa empresas de nova creación, aos que se lles facilita espazo de traballo non que xestar as súas ideas ata lograr madurez e consolidarse, cun máximo de estanza de tres anos.

Durante a estancia danse facilidades para ocupar un local, compartir servizos con as outras empresas e recibir formación puntual de interese así como un asesoramento e seguimento por parte do persoal técnico municipal dependente deste departamento.

No caso do novo ACCEDE Papagaio teñen prioridade pequenas empresas no ámbito da investigación, a tecnoloxía, e/ou a innovación.

O centro ten o espazo dividido en 4 espazos e dispón de 74 postos de traballo:

- "Emprende"-preincubadora con 30 postos para persoas emprendedoras que queren crear a súa empresa e atópanse en fase de maduración;
- "Crece" -incubadora con capacidade para 32 postos para persoas emprendedoras que xa teñen a súa empresa en funcionamento e o seu obxectivo é consolidar o seu proxecto;
- "Nube" con 12 postos para persoas emprendedoras externas que non permanezan de maneira continuada no Centro e un espazo aberto;
- "Conecta", destinado a potenciar o networking,ou redes de traballo, a través de charlas, xornadas, encontros, mesas de debate.

A finais do ano 2016 están instaladas nos Centros Municipais:

- ✓ Centro Municipal – Viveiro de A GRELA. **12 empresas;**
- ✓ ACCEDE Papagaio: **10 empresas.**

Axudas á promoción económica e empresarial

En setembro de 2016 co obxecto de apoiar a aqueles proxectos empresariais e da economía social ou cooperativas, que ca súa actividade promoven a competitividade da economía local a través da innovación e o uso da tecnoloxía, proxectos que teñen en conta na súa xestión criterios de igualdade e de conciliación e que contribúen ao desenvolvemento dun modelo económico respectuoso co medio ambiente, sacou adiante as:

- Axudas a entidades asociativas de ámbito empresarial sen ánimo de lucro para proxectos de Promoción Económica: Innovación; Internacionalización e Economía Social, que aportaban unha subvención de entre 10.000€ e 15.000€ por proxecto. Financiáronse en 2016 2 proxectos.

DINAMIZACION COMERCIAL

Convenios nominativos Asociacións do Comercio da Coruña.

Realizáronse **25 convenios** nominativos con asociacións comerciais da cidade para colaborar na dinamización e apoio ao pequeno comercio en xeral e tamén nos barrios. cidade

Campañas Publicitarias de Dinamización.

- **Campaña “Tes moito que ver”, coñecemento comercio local.**

Unha actividade xeral foi a campaña publicitaria para o comercio urbano “Tes moito que ver”, con mensaxes nas traseiras dos autobuses das liñas urbanas de amplo percorrido pola cidade e outras periurbanas, vinculando comercio e cidade, apelando ao residente do barrio para pasear, ver, descubrir e explorar o seu hábitat máis próximo.

- **Campaña de Samaín. Colaboración con Centros Educativos e comercio local.**

A primeira, en colaboración cos centros educativos e participando diversos establecementos comerciais de distintas zonas e barrios. Distribuíronse rifas de “rasca e gaña” co agasallo de vales de compra.

- **Campaña de Nadal por barrios e dinamización e lecer María Pita.**

No Nadal, O Papa Noel visitou diferentes barrios da cidade. Coa colaboración das asociacións de comerciantes, distribuíronse para os comercios rifas de “rasca e gaña” para participar nas actividades lúdicas do Nadal en María Pita.

Ambas campañas contaron con animacións diversas, música, pasacalles e xogos.

Mercados ao Aire Libre.

- **Mercados Urbanos.**

Como novidade no 2016 organizáronse “Mercados urbanos” ao aire libre en catro barrios da cidade: Eirís, Os Rosais, Riazor e Elviña, contando coas asociacións comerciais correspondentes.

- **Mercado Ecolóxico.**

Tamén o “Mercado ecolóxico”, no Campo da Leña, para promover este sector emerxente e o consumo de proximidade. Neles expoñen e venden diversidade de produtos, tanto de alimentación como roupa e xoguetes artesanais.

Entre outubro e decembro leváronse a cabo 6 mercados. Nestes mercados participaron, en total, 253 establecementos comerciais e produtores locais.

Programa de mellora e competitividade do comercio de proximidade.

Outra actividade de apoio e dinamización levouse a cabo no barrio de Os Mallos e a Falperra, coa actividade “Tendas a exame”, mediante a que se realiza un diagnóstico profesional para recoñecer os puntos fortes e débiles dos establecementos interesados, para facer logo un plan de mellora. Na fase de captación visitáronse 154 establecementos, dos cales 77 mostráronse interesados na acción.

Participaron 25 comercios.

MERCADOS

Xestión de postos nos mercados

No ano 2016 houbo en total 76 solicitudes de información sobre os postos vacantes nos mercados, previas á publicación da licitación e concurso dos mesmos. No mes de maio licitáronse **48 postos vacantes**, publicándose no DOG número 99 do 26 de maio do 2016.

Acondicionamento te mellora de equipamentos.

Por outra banda atendéronse, ao longo do ano 2016, outras 885 solicitudes dos concesionarios/as relativas a renovacións, prórrogas, permutas, traspasos, autorizacións de obras menores, cesións de usos puntuais , modificacións de datos, e os respectivos informes. Para o mantemento ou mellora, nos mercados municipais, realizáronse diversas obras menores, en total 16 ao longo do ano.

Formación

No mes de outubro a novembro realizáronse tres cursos, en colaboración coa Oficina Municipal de Información para o Consumo- OMIC), destinado a persoas con postos nos mercados, aos 60. Impartíronse na aula de formación do centro de empresas Papagaio.

Pequeno mercado de produtos ecolóxicos

Desde o mes de febreiro, realizouse tódolos martes, no Mercado de San Agustín, un pequeno mercado de produtos ecolóxicos e de proximidade no que persoas agricultoras das localidades próximas á cidade venden os seus produtos da horta e tamén produtos ecolóxicos.

Campañas de produtos

Realizáronse en total **24 campañas** de produtos no ano 2016, repartidas nos doce meses do ano.

Dinamización de mercados

Realizouse unha campaña para dinamización dos mercados no mes de maio e na que participaron os nove mercados municipais.

No mes de setembro houbo no mercado de San Agustín obradoiros de cociña infantil para nenos e nenas, organizados por turismo, co motivo do concurso de tapas Picadillo e co obxectivo tamén de dar a coñecer o mercado e por en valor a cociña saudable con produtos de calidade .

Outra campaña de dinamización foron os Gastrotalleres de cociña infantil nos mercados municipais. O obxectivo era crear bos hábitos alimenticios na poboación infantil, familiarizando aos menores cos alimentos de calidade existentes nos mercados. Os participantes foron nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos.

Os mercado nos que se realizaron estes gastrotalleres foron San Agustín, As Conchiñas e no mercado de Elviña. Leváronse a cabo nos meses de setembro e outubro.

Estudos

Contratouse un a unha e consultora para facer o estudo “Inspección de mercados do Concello da Coruña”, concretamente nos nove mercados da cidade, para analizar os puntos fortes e débiles nos mercados municipais e detectar necesidades de mellora.

OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACION AO CONSUMO
--

Desde o Concello, realízanse diferentes actuacións centradas en garantir a protección dos dereitos das persoas consumidoras e asegurar un correcto funcionamento do mercado, para este propósito cóntase ca Oficina Municipal de Información ao Consumo (OMIC). De tódolos servizos que presta a OMIC destácanse os seguintes resultados :

Atención a persoas consumidoras, información e tramitación de reclamacións:

15.455 consultas de Información; 902 reclamacións, acordos favorables 58% .

As consultas por mes, o mínimo foron 1.010 en xuño e o máximo 1.517.

44% das consultas as fixeron homes e o 56% mulleres.

Atención directa e persoal no 49% dos casos, e telefónica do 41%.

Lugar de orixe das consultas 96 % corresponden a persoas que viven na cidade.

O 89.6% foron por causa dos servizos e un 10.4% por produtos.

Como en anos anteriores, os produtos que xeraron mais consultas foron móbiles, produtos informáticos e compravenda de automóviles, electrodomésticos e mobles.

No relativo as reclamacións xestionadas por a OMIC, tramitáronse 902 expedientes, os servizos de telecomunicacións son os que máis reclamacións xeraron, seguidos da enerxía . Ao igual que sucede nas consultas, as mulleres superan aos homes (53%).

O 91% das reclamacións foron tramitadas directamente pola OMIC, tempo medio de resolución, no 69% dos casos, foi en menos de 60 días naturais. Resolución favorable un 58% dos casos cun valor económico que ascende a 354.248 euros e resolveuse favorablemente por valor de 114.252 euros devoltos as persoas reclamantes.

Educación para o consumo.

Campaña Día Mundial das Persoas Consumidoras, con actividades na rúa no Obelisco e debates públicos.

Campaña do Nadal: “A casa dos xoguetes” para fomentar o consumo responsable e a solidariedade, a economía circular e a recuperación e reutilización de obxectos.

Programa de Formación ao Consumo para público en xeral, organizáronse 420 actividades, con 6.156 persoas asistentes. A valoración, alcanzou puntuacións cunha media de 3.8 sobre catro.

- Programa "Educa" dirixido ao colectivo escolar: 257 talleres, cun total de 5.772 asistentes, un 42.6% de Educación Primaria (2.399).
- Centros cívicos: 9 accións formativas 152 persoas participantes.
- Formación para adultos, na propia sede da OMIC, 98 participantes.
- Escola de Verán do Pequeno Consumidor, con 74 participantes, en dous grupos: un de 4 a 6 anos e outro de 7 a 10.

Páxina web da OMIC: www.coruna.es/ facilitadora de información de interese sobre consumo.así como a posibilidade de realizar consultas directamente: 14.497 visitas por parte de 11.870 persoas, cunha media de 2.7 páxinas pro visita. En 2016 iniciouse o servizo on line de reclamacións con 27 reclamacións presentadas.

INDICADORES - RESULTADOS DA ACTIVIDADE - 2017

CUANTIFICADORES DA ACTIVIDADE EMPREGO E PROMOCION ECONOMICA	
ACTIVIDADE GLOBAL SERVIZO	
Media semanal de entradas na Web	1.948
Total participantes (persoas ou entidades)	5.568
Nº de participantes en Promoción Económica e Comercio	1.444
Nº participantes en accións de Emprego	4.982
Nº mulleres participantes en accións Emprego	2.411
Nº menores de 30 nas accións de Emprego	1.634
Nº participantes en formación (Emprego e Promoción Económica)	1.734
Nº accións formativas (Emprego e Promoción Económica)	102
Nº horas de formación (Emprego e Promoción Económica)	9.743
Nº accións de Difusión	293
Nº asistentes nas accións de difusión	2.809
Nº Horas Difusión	482
Intermediación. Ofertas xestionadas de empresas	500
Nº Candidaturas enviadas ás ofertas de traballo.	1.997
INFORMACION e ORIENTACIÓN PARA EMPREGABILIDADE	
Nº sesións grupais información para busca de emprego conta allea	201
Nº asistentes grupais información para busca de emprego conta allea	2.466
Nº horas grupais información para busca de emprego conta allea	402
Nº consultas individuais de información xeral sobre emprego	2.248
Nº orientacións individuais na procura de emprego	2.088
Nº homes orientados laboralmente	1.042
Nº mulleres orientadas laboralmente	1.035
Nº itinerarios de orientación/formación e emprego tutelados	335
FORMACION OCUPACIONAL PARA EMPREGABILIDADE	
Nº total de cursos e/o prácticas formativas	115
Nº total de alumnado	1.232
Nº horas de formación programadas /impartidas	10.878
Nº solicitudes para cursos sección de formación	1.823
Nº persoas admitidas (en cursos con previa solicitude) sección de formación	887
% alumnado respecto á demanda dos cursos sección de formación	48,6%
Nº menores de 30 en formación sección de formación	133
% Menores 30 asistentes na formación ocupacional	15 %
Nº menores de 25 en formación (no ten obxecto recoller este dato, garantía xuvenil 30)	
% menores 25 en formación ocupacional (no ten obxecto recoller este dato, garantía xuvenil 30)	
Nº alumnado feminino sección de formación	148
% Alumnado feminino sección de formación	30%
Nº alumnado en Novas Tecnoloxías sección de formación	224
Nº Asistentes a Dinámicas de Orientación laboral	158
Nº Asistentes ao Módulo Igualdade de Oportunidades	211
Nº de xornadas de difusión organizadas (Foro Emprego).	1
Nº asistentes a xornadas de difusión	200
DIFUSION CULTURA EMPRENDEDORA	
Nº Accións de difusión da cultura emprendedora	138
Nº Horas difusión da cultura emprendedora	172

Nº Asistentes a difusión da cultura emprendedora	758
ASISTENCIA E ASESORAMENTO AO EMPRENDEMENTO	
Nº asesoramentos a persoas emprendedoras (Nº de consultas)	612
Nº persoas emprendedoras (proxectos empresariais)	131
Nº accións de formación para emprendemento	33
Nº Horas formación para emprendedores	274
Nº Asistentes a formación para emprendedores	413
COOPERACION CON EMPRESAS	
Nº xornadas para empresas	3
Nº participantes en Xornadas	210
Nº Empresas/entidades en actividades de apoio á actividade económica	320
Nº convenios con outras entidades para apoio ao emprendemento	1
Nº accións promoción e dinamización comercial	8
Nº convenios con asociacións do comercio	25

OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DO CONSUMO - OMIC	
INFORMACIÓN/ASESORAMENTO E XESTIÓN	
Nº Consultas atendidas	15.455
Nº Reclamacións asesoradas	902
Nº Mediacións realizadas	822
Nº Homes reclamantes	421
Nº Mulleres reclamantes	481
Nº Reclamacións resoltas mediadas por a OMIC	477
% de reclamacións resoltas mediadas por a OMIC	58%
Nº Total Traslados a outros organismos competentes	404
Nº Expedientes remitidos á Xunta Arbitral	111
Traslados a departamentos municipais	23
Nº Actuacións da Policía Local	31
FORMACIÓN PARA O CONSUMO	
Campañas informativas. Día do consumo	2
Nº Talleres para escolares - Coruña Educa	267
Nº Escolares participantes	5.772
Nº talleres para adultos	9
Nº de centros cívicos participantes	5
Nº adultos participantes en talleres centros cívico	152
Nº participantes en sesións formativas para adultos	98
Nº de grupos Escola de Verán	2
Nº niños participantes Escola de Verán	74
DIFUSION. CAMPAÑAS E ACTIVIDADES	
Nº visitantes únicos a la Páxina Web	11.870
Nº visitas á Web	14.497
Nº páxinas /visita	2,1
% visitas novas	81.48%
MERCADOS	

Solicitudes concesionarios/as	885
Mercados. solicitudes de información	76
Mercados.cursos concesionarias/os	2
Nº asistentes a los cursos	60
Nº licitación de postos	48
Nº campañas dinamización en mercados	12
Nº campañas de produtos	24
Mercados. Colaboración con eventos	2
Nº obras menores realizadas	16

INDICADORES interanual

SERVIZO EMPREGO E PROMOCION ECONOMICA	2014	2015	2016	2017
Media de accesos semanais á web	3.061	2.318	1.769	1.948
Nº persoas ou entidades usuarias do Servizo	9.052	8.097	5.568	
DEPARTAMENTO DE EMPREGO Nº participantes en accións.	4.453	5.543	4.666	4.982
Emprego/ Nº estudantes en seminarios preparación vida laboral	0	639	1.274	1.246
Emprego/Nº consultas individuais sobre emprego na web	1.257	2.403	2.497	2.248
Emprego/Nº orientacións laborais	3.185	1.946	2.071	2.088
Emprego/Nº de cursos para persoas en desemprego	71	115	68	115
Emprego/Nº total alumnado demandante de emprego	946	1.609	964	1.232
Emprego/% alumnado respecto á demanda sección de formación	20,3 %	38,9	30,0	48,6%
Emprego/% alumnado menor de 30 anos en sección de formación	11,2 %	10,8	14,0	15%
Emprego/% alumnado feminino en sección de formación	40,3	45,6	31,6	30%
Emprego/Intermediación. Nº de postos ofertados por empresas	596	468	500	601
Emprego/Nº Candidaturas enviadas ás ofertas	3.003	2.134	1.489	1.997
DEPARTAMENTO DE PROMOCION ECONOMICA Nº participantes accións.	4.559	2.551	902	
Emprendemento/Nº estudantes en difusión cultura emprendedora	764	620	530	
Emprendemento/Nº proxectos asesorados	789	736	131	
Emprendemento/Nº asistentes a formación	1.058	620	413	
Emprendemento/Nº Empresas ou entidades beneficiarias.	894	277	320	
OMIC. Nº consultas atendidas	17.527	16.420	15.455	
OMIC. Nº reclamacións presentadas e tramitadas	1.280	926	822	
OMIC. % reclamacións resoltas mediadas por a OMIC	49%	58%	58%	
OMIC. Nº asistentes a programas formativos sobre consumo	8.391	7.115	6.096	
OMIC. % escolares en formación para o consumo	93,0%	98%	95,9%	
OMIC. Media semanal de entradas na web	370	264	288	
MERCADOS. Nº postos licitados	0	0	48	
MERCADOS. Asistentes a cursos (concesionarios/as)	0	0	60	
MERCADOS. Nº campañas dinamización	0	0	12	
MERCADOS. Nº campañas de produtos	0	0	24	
MERCADOS. Nº obras menores	0	0	16	

RECOMENDACIÓNS E PERSPECTIVAS DE FUTURO PARA O 2018 EMPREGO E PROMOCION ECONOMICA
--

ACTIVIDADE XERAL DO SERVIZO

- ✓ Revisar a RPT para adecuala á realidade e necesidades da área.
- ✓ Mellorar a planificación de actuacións técnicas e proceso administrativo para mellorar na prestación de servizos.
- ✓ Mellorar o servizo de información on line a través da información na páxina web, o sistema de alertas ao móbil.
- ✓ Manter e continuar coa divulgación da actividade do servizo como sistema de contacto co usuario/a.

DEPARTAMENTO DE EMPREGO

PROGRAMA DE INFORMACION Y ORIENTACION LABORAL (PIOL)

- ✓ Traballar cara a sustentabilidade do persoal do programa.
- ✓ Manter a contratación do taller de información para a busca de emprego co fin de optimizar os recursos propios do Concello.
- ✓ Reforzar o circuíto de derivación entre o equipo de orientación PIOL e o resto de programas de promoción do emprego.

INTERMEDIACION E INSERCIÓN LABORAL

- ✓ Tentar que o 100% da formación para o emprego se faga baixo a metodoloxía de Itinerarios Integrados de Inserción Laboral (orientación laboral, formación ocupacional e prácticas laborais en empresas)
- ✓ Aumentar nun 10% o número de ofertas xestionadas desde o departamento, mellorando adaptación dos perfís enviados aos requisitos de cada oferta.
- ✓ Aumentar nun 10% o número de empresas que contactan co Servizo e aumentar o número de candidaturas enviadas procedentes da base de datos do Servizo.
- ✓ Aumentar nun 10% os itinerarios que leven asociadas prácticas en empresas.
- ✓ Publicar unha programación semestral, co fin de que o equipo de orientación coñeza de antemán as accións formativas e así informen as persoas usuarias das posibilidades formativas que teñen no servizo.
- ✓ Intentar que todas as persoas usuarias da bolsa, que así o manifestaron, reciban ao longo do ano, polo menos, a oferta dunha acción formativa para a mellora da súa empregabilidade.

PROXECTOS INTEGRAIS DE EMPREGO

Posto a Posto

- ✓ Solicitarase unha nova convocatoria do programa para o ano 2016-2017, na que se seguirá traballando con itinerarios de inserción que combinen formación, práctica profesional e procura de emprego.

Programas globais de Emprego como o Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación

A previsión de futuro deste tipo de proxectos, está pendente nestes momentos, da nova convocatoria de axudas do FSE do período de intervención 2014-2020. A previsión desde o Servizo é que se publiquen as convocatorias no primeiro trimestre do ano 2018.

Obradoiros de emprego

- ✓ Traballarase nun novo proxecto, para a súa presentación na correspondente convocatoria da Xunta de Galicia.

FORMACION OCUPACIONAL

- ✓ Continuarase coa impartición de cursos de capacitación profesional superando as cifras do ano 2017.

DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E COMERCIO

DIFUSION DA CULTURA EMPRENDEDORA E APOIO A ACTIVIDADE EMPRENDEDORA

- ✓ Manter e mellorar os programas de asesoramento, formación e titorización de persoas e dos seus proxectos, así como apoiar a consolidación de empresas e negocios existentes na contorna local.
- ✓ Posta en marcha do Centro Municipal de Coñecemento do Papagaio (CCP) e facilitar o establecemento, arranque e consolidación de novas empresas, a xeración de novas iniciativas empresariais a través da dotación de infraestrutura, servizos común, equipamento básico e servizos de apoio. O edificio contará con distintos espazos en función da fase da iniciativa emprendedora: espazo crece, espazo emprende, espazo nube e espazo conecta.
- ✓ Promoción e consolidación de empresas de economía social e das empresas sociais e de emprendemento verde.
- ✓ Elaborar plans de consolidación baseados en criterios que permitan realizar análises de diagnóstico da situación da empresa, propostas de plans de actuación. Serán realizados por empresas de asesoría ou por “axentes de innovación empresarial”.
- ✓ Creación dunha Rede de Mentoring para ao asesoramento puntual e especializado sobre una determinada materia.

- ✓ Creación dun Viveiro virtual de Empresas. As empresas do Viveiro poderán crear as súas propias páxinas e contidos a través dun “back office” deseñado para iso.
- ✓ Apoiar o asesoramento a proxectos emprendedores que xurdan do alumnado dos últimos anos da Universidade da Coruña e xente nova en xeral.
- ✓ Realizar encontros de carácter empresarial que favorezan o intercambio de experiencias así como o coñecemento das carencias, dificultades e necesidades do empresariado
- ✓ Realización de estudos sectoriais que permitan a análise da situación dos diferentes sectores de actividade

DINAMIZACIÓN DEI COMERCIO LOCAL E DE PROXIMIDADE.

- ✓ Programas de formación para os comerciantes sobre materias que se diagnostiquen como necesarias no sector, con especial incidencia no uso das novas tecnoloxías e idiomas
- ✓ Convocatoria de Subvencións para asociacións comerciais, para fomentara a realización de proxectos nas distintas zonas comerciais.
- ✓ Creación dun banco de locais en aluguer para poñer en contacto aos donos de baixos e locais baleiros coas persoas interesadas en establecer algún tipo de negocio,
- ✓ Creación dunha web Comercio Coruña, un portal web de difusión do comercio para a promoción e dinamización e facilitar a posta en marcha de campañas.
- ✓ Creación dunha Oficina Municipal de Comercio para coordinar tódalas accións de dinamización entre o concello e as entidades que traballan no sector.
- ✓ Achegar a colaboracións con axentes socioeconómicos e outras institucións dirixidas o desenvolvemento do plan de acción.

OFICINA DE INFORMACIÓN AO CONSUMO - OMIC

- ✓ Manter e mellorar os servizos de información, asesoramento, consultas e reclamacións da Oficina da OMIC.
- ✓ Mellorar a comunicación web e asesoramento on line.
- ✓ Incrementar campañas de consumo responsable e seguro en distintos formatos.